

EXERCICIOS DE APOIO DA 1ª QUINCENA

TEMA 9: AS CARACTERÍSTICAS FÍSICAS DO TERRITORIO GALEGO: A FORMACIÓN DO RELEVO

Exercicios de apoio. (Intenta completar os seguintes exercicios antes de mirar a resposta que téas ao final).

1. Completa as seguintes frases:

1. As principais _____ que interviron na configuración do relevo foron a _____ e a _____.

2. O _____ galego caracterízase por ser unha sucesión de bloques _____ e _____.

3. A oroxenia _____ afectou tamén á composición _____ dos materiais _____ dando pé á aparición de rochas _____.

4. En termos tectónicos cualificamos a Era _____ como un período de _____.

5. A oroxenia _____ tivo como principal consecuencia a fractura da _____ e o movemento de _____.

6. Durante o _____ o modelado de tipo _____ e _____ modelou boa parte do relevo galego.

7. Todo _____ é produto da interacción de factores _____ e _____.

8. Os principais axentes _____ actuantes en Galicia son _____, _____, _____.

9. En Galicia podemos identificar dous grandes grupos litolóxicos, un _____ e un _____.

10. A auga como axente _____ actúa de xeito _____ e _____.

11 .O relevo _____ aparece asociado á presenza de rochas_____

12.En Galicia, a acción do_____ caracterizou boa parte dos cumios das serras_____.

13.Os vales de orixe_____caracterízanse pola súa morfoloxía en _____.

14. As _____son _____fluviais anegados polo mar.

2. Resposta as seguintes cuestións

1. Realiza un cadro coas principais fases xeolóxicas en que podemos estruturar a configuración do relevo galego e sinala as principais características.

2. Indica de xeito breve dúas características coas que podemos definir o relevo galego.

3. Sinala tres factores que interveñan na formación dos cauces fluviais.

4. A que causa se atribúe a existencia de afloramentos de augas termais en boa parte do territorio?

5. Que tipo de formas resultantes do modelado kárstico están presentes en Galicia?

6. Identifica as unidades de relevo en que podemos dividir o relevo de Galicia e delimita a súa localización.

7. Nomea catro das depresións que configuran a denominada Galicia Interior.

8. Que factores inciden na formación dun relevo de tipo apalachense?

Respostas exercicios

1. Completa as frases

- 1._ Oroxenias, herciniana, alpina.
- 2._ relevo, erguidos, afundidos.
- 3._ Herciniana mineralóxica, rochosos, metamórficas.
- 4._ Secundaria, estabilidade.
- 5._ Alpina, penechaira, bloques.
- 6._ Cuaternario, glaciar, periglacial
- 7._ relevo, externos, internos.
- 8._ erosivos, fluvial, costeiro, eólico.
- 9._ graníticos, metamórficos.
- 10._ erosivo, líquido, sólido.
- 11._ kárstico, calcarios.
- 12._ xeo, orientais.
- 13._ glaciar, U.
- 14._ rías, vales.

2. Resposta as seguintes cuestións:

1. Precámbrico: Bacía sedimentaria.

Paleozoico: Oroxenia hercinica. Pregamentos.

Secundaria: Procesos erosivos. Formación de penichaira.

Terciario: Oroxenia Alpina. Fracturación da penichaira. Movementos de bloques: elevación (horts) e afundimento (graben).

Cuaternario: Glaciarismo e peri-glaciarismo.

2. Horizontalidade/ Verticalidade.

3. Por unha banda a fracturación do substrato xeolóxico e o material litolóxico que o forma. Por outra banda, o réxime de precipitacións.

4. A intensa fracturación do relevo permite que en numerosas localizacións existan afloramentos de augas termais.

5. Podemos diferenciar dous tipos de formas, aquelas desenvolvidas no exterior, formas exo-kársticas: lapiaces e dolinas. E aquelas formas desenvolvidas no interior, endo-kársticas: simas e covas.

6. No relevo galego podemos identificar as seguintes unidades:

Litoral: Aquelas zonas en contacto directo co mar.

Pre-litoral: Aquelas zonas entre o litoral e as serras centro-occidentais e setentrionais

Serras Setentrionais e Centro-occidentais: cordal de serras distribuídas en dirección N-S.

Galiza interior: Entre as serras centro-orientais e as serras orientais, sur-orientais.

Serras Orientais-Sur-orientais: Conxunto de serras localizadas no Este do país.

7. Entre outras podemos citar: Sarria-Lemos, Quiroga, Maceda, A Limia.

8. A alternancia litolóxica é un dos principais elementos que condicionan a aparición dun relevo de tipo apalachense. A diferente resposta dos materiais ante á acción dos axentes erosivos, favorece a erosión diferencial.